

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓN DO “CURSO DE FORMACIÓN DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais acordou, en xuntanza do Pleno de data 2 de febreiro de 2018, a realización da I edición dun curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral, co obxecto de afondar, analizar e estudar todas as cuestións relativas á negociación colectiva, capacitar ao alumnado para analizar en profundidade as condicións incluídas nos convenios colectivos e intervir eficazmente nos acordos. Trátase dun curso innovador no seu contido –único en España, proposto dende a colaboración de dúas institucións públicas- e tamén no seu desenvolvemento ao incorporar a docencia semipresencial ou *on line* para facilitar a súa realización.

Diríxese o curso aos interlocutores sociais, a responsables de recursos humanos, avogados, asesores e demais axentes implicados na negociación e na xestión laboral da empresa, co obxectivo principal de dar resposta á demanda social que existe no territorio galego, así como a estudantes que rematen os seus estudos de Grao e desexen recibir unha formación especializada e de nivel sobre a negociación colectiva e individual no ámbito laboral.

Con este propósito formativo e fixándose en razóns de interese social e económico que permitan acadar acordos frutíferos para aumentar a produtividade do tecido empresarial galego, tense proposto pola Universidade de Vigo e o Consello Galego de Relación Laborais este curso de formación colectiva e individual no ámbito das relacións laborais.

Certamente a Universidade de Vigo conta cun dos Grados de estudos universitarios máis antigos de Galicia referido ao estudo das relacións laborais e os recursos humanos, onde se imparte durante dous semestres unha extensa formación en materias de negociación colectiva e individual, ademais de materias complementarias e específicas sobre seguridade social, traballo autónomo, emprego público ou prevención de riscos, nas que tamén se aborda a perspectiva negociadora. Alén disto, na Universidade de Vigo impártese o

Posgrado en Xestión e Dirección Laboral, coa especialidade de Dirección Laboral de empresas, que ven sendo ano tras ano un dos máis solicitados polos estudantes que tras os estudos de Grao buscan a especialización nesta materia por ser das que contan con máis demanda á hora de acceder ao mercado de traballo.

Dende a Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo, en tanto que se compón por especialistas no dereito colectivo, e, en concreto, no que respecta á negociación colectiva, vense observando a necesidade de dar resposta a unha demanda dos interlocutores sociais e especialistas de Relacións Laborais e Recursos Humanos, como é un curso específico que aborde as técnicas de negociación. Tanto é así que se propuxo abordar tamén a negociación individual nos mesmos termos que se pretende que avance o Acordo Galego de Solución Extraxudicial de Conflitos. Tamén o contacto continuo que se ten cos axentes implicados na negociación –empresas, sindicatos, avogados especialistas, directores de recursos humanos...- ten posto de manifesto a necesidade de aprofundar no estudo e desenvolvemento destas importantes cuestións.

Sendo conscientes desta necesidade social, especialmente na zona máis industrializada e, polo tanto, máis conflitiva de Galicia, como é a zona sur da nosa Comunidade Autónoma, o catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Jaime Cabeza Pereiro, e a profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Emma Rodríguez Rodríguez, veñen a propor este curso que dirixirán eles mesmos como expertos na materia e coñecedores directos da demanda social existente ao respecto, tanto pola súa labor de docentes na Universidade, como de árbitros e mediadores en conflitos colectivos.

En concreto, o profesor Jaime Cabeza Pereiro, ten importantes publicacións ao respecto, como a súa propia tese de doutoramento sobre a boa fe na negociación colectiva (*La buena fe en la negociación colectiva*, Escola Galega da Administración Pública, Santiago de Compostela, 1995), estudos sobre materias máis específicas como a negociación colectiva no sector das telecomunicacións, na estiva e desestiva de buques, ou referidos á aplicación dos dereitos fundamentais como a igualdade ou a conciliación na negociación colectiva. Ten dirixido e traballado, así mesmo, en importantes obras colectivas subvencionadas polo Ministerio correspondente sobre estes *items*, e outros aspectos concretos como a folga ou as eleccións sindicais. Así mesmo, o profesor Cabeza é árbitro de eleccións sindicais da provincia de Pontevedra e mediador en conflitos colectivos do AGA dende o ano 2001, destacando a súa función en diversos acordos galegos, especialmente no sector do metal de Vigo.



Pola súa banda, a profesora Emma Rodríguez Rodríguez, tamén dedicou ao estudo da negociación colectiva boa parte da súa traxectoria profesional. Dende a súa tese de doutoramento sobre a delimitación do poder disciplinario empresarial pola negociación colectiva (*El poder disciplinario y la negociación colectiva*, Editorial Comares, Granada, 2008), que ten sido obxecto de citas doutrinais por outros prestixiosos profesores do dereito laboral, ten publicado estudos específicos sobre a repercusión da negociación colectiva no sector marítimo-pesqueiro, respecto da igualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral, e incluso, estudos concretos sobre a repercusión sobre os familiares coidadores de persoas dependentes. Desde o ano 2011 ata a actualidade, ven desempeñando as funcións de dirección e Coordinación do Máster de Xestión e Dirección Laboral, na especialidade de Dirección Laboral de empresas, que se imparte na Universidade de Vigo. Ten impartido máis de cen cursos de formación, moitos referidos á negociación colectiva, tamén no ámbito público, e mais recentemente tense especializado na representación e negociación laboral no dereito británico. Finalmente, cómpre destacar que exerce funcións como mediadora do AGA e que, dende o ano 2007, xunto co profesor Cabeza, son os responsables de impartir as materias de Dereito Sindical que se imparten nas titulacións da Universidade de Vigo.

En definitiva, polo antes dito, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, tendo en conta a importante demanda que existe no sector industrial galego e, de xeito concreto, no sur da Comunidade, considérase que a Universidade de Vigo, pola súa propia situación xeográfica –o curso impartirase na Facultade de Belas Artes do campus de Pontevedra para facilitar o desprazamento desde todos os puntos de Galicia aos interesados e interesadas na súa realización- e pola dilatada experiencia dos referidos directores, supón a opción mais idónea para dirixir e coordinar este innovador curso de formación que agora se propón.

De xeito tal, considérase que tal conxunto de excepcionalidades de razón de interese social de sinalado relevo, constitúen argumentos suficientes para descartar que proceda acudir á concorrência competitiva á que se refire o art. 19.2, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño de 2007), por constituír esta proposta da Universidade de Vigo e, en concreto, a Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, cos especialistas sinalados, como a única e máis idónea, sen que cómpre establecer ningún tipo de comparación ao non existir outras institucións capaces de dar unha resposta tan especializada coma esta, ante a importante e urxente demanda social que se presenta en torno a materia da negociación colectiva e individual no ámbito laboral, en constante cambio nos últimos anos.

Existe converxencia de intereses entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo en orde á consecución do obxecto referido, polo que se considera necesaria a subscripción dun convenio de colaboración para resolver a concesión directa dunha subvención a esa universidade, conforme ao disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O convenio axústase ao disposto no artigo 26. 2 da citada Lei de subvencións de Galicia e ten por obxecto establecer os compromisos aplicables e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as dúas entidades referidas para a realización do CURSO DE FORMACIÓN DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL, que se desenvolverá desde o 20 de setembro ata o 29 de novembro do ano 2018 na Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo. O período de vixencia do convenio estenderase dende a súa data de sinatura ata o 29 de novembro de 2018.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste curso de formación mediante a achega á Universidade de Vigo da cantidade de catorce mil euros (14.000€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento para 2018, no que existe crédito necesario e suficiente na aplicación orzamentaria 09.B1.324A.444.1, denominada “Transferencias a Universidades”. Destes 14.000€, 13.400,00€ serán en concepto de subvención para o funcionamento do curso; a cantidade restante, por importe de 600,00€, contribuirá ao financiamento da matrícula de 20 persoas dos cadros empresariais e sindicais das organizacións que fan parte do Consello Galego de Relacións Laborais e abonaráselle á Universidade de Vigo unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 09.B1.324A.444.1. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada no convenio para o funcionamento do curso.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Verónica Martínez Barbero

Presidenta do Consello



Algalia de Abaixo, 24 Baixo
Tfno: 981 541 601 / 2
Fax: 981 541 610
<https://www.cgri.gal>
presidencia.cgri@xunta.gal

